



COBERTURA TEMPORAL DUN POSTO DE TRABALLO MEDIANTE COMISIÓN DE SERVIZOS

A Comisión de Goberno do Consello de Contas de Galicia, na súa reunión do 30 de setembro de 2020, acordou a provisión temporal mediante comisión de servizos voluntaria regulada no artigo 96 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, dun posto de traballo vacante que debe ser cuberto inmediatamente para atender as necesidades da Institución. A comisión de servizos terá unha duración máxima de seis meses, data na que deberá estar resolta a convocatoria de libre designación.

Posto que se convoca.

Cod.	Denom.	Nivel C. D.	C. Específico	F. Prov.	Grupo	Corpo- Escala	Adscr. A. P.	Tit. Acad.	Formación Especif.
CC.F02.01.01	Interventor	30	31.284,60	LD	A1	Xeral/especial	A12	-	Exp. en fiscalización.

Solicitudes.

Poderán solicitar o posto todos os funcionarios que cumpran os requisitos esixidos para o mesmo na Relación de Postos de Traballo.

Para solicitar a comisión de servizo, debe empregarse o formulario que acompaña a este anuncio. Unha vez cuberto deberá enviarse, xunto coa documentación xustificativa dos méritos alegados, ao conselleiro maior do Consello de Contas de Galicia. A documentación deberá ser orixinal ou copia compulsada.

Prazo de admisión.

O prazo para enviar as solicitudes será de cinco (5) días hábiles desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio na web da Institución.



SOLICITUDE DE CONCESIÓN DE COMISIÓN DE SERVICIOS

DATOS DO SOLICITANTE

APELIDOS E NOME		
NRP	CORPO/ESCALA	SUBGRUPO
ENDEREZO		
CONCELLO	CP	TELÉFONO

DESTINO ACTUAL

ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	
UNIDADE ADMINISTRATIVA	
DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO	NIVEL

EXPOÑO

Que tiven coñecemento do anuncio polo que se lle deu publicidade á cobertura, mediante comisión de servizos, do posto:

CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA

DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO

NÚMERO DO POSTO DE TRABALLO NA RPT

NIVEL

SOLICITO

Que se teña en consideración a miña solicitude para a cobertura temporal do posto de traballo que se pretende ocupar en comisión de servizos.

A esta solicitude, engádense os seguintes documentos:

1
2
3

LUGAR
DATA
SINATURA DO SOLICITANTE

CONSELLEIRO MAIOR DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA